

3.1. sector primario e industrias relacionadas

Este capítulo dedícase ó estudio do sector primario considerado no seu conxunto, así como á análise das actividades agrupadas baixo o epígrafe de sector primario e industrias relacionadas, que englobaría ós subsectores agro-gandeiros, mar-industria e silvicultura-madeira. O estudio do sector primario partirá da información facilitada pola EPA, os Presupostos Xerais da Xunta, as *Macromagnitudes Agrarias 1999* da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, e mailo Ardán.

A importancia do sector primario para Galicia dedúcese do **cadro C.1.3.** (*VEB das comunidades autónomas 2000*), onde se aprecia que, segundo os datos da Contabilidad Regional do INE, o sector primario representa o 8,0% do VEB a prezos básicos de Galicia. Como se pode apreciar, esta porcentaxe é bastante superior á media estatal (4,7%), sendo a sétima comunidade co maior peso deste sector nas súas respecti-

vas economías, por detrás de Andalucía, A Rioxa, Castela-A Mancha, Castela León, Estremadura e Murcia.

Un dos aspectos salientables no estudio do mercado de traballo agrícola é a diferente evolución sinalada polas distintas estatísticas. Mentres que os datos da Seguridade Social seguen indicando o continuo descenso no número de afiliados no réxime especial agrario, os datos da EPA amosan que no ano 2000 prodúcese un incremento do 1,3% (1,8 miles de persoas) da poboación ocupada no sector agrícola.

No ano 2000, a poboación ocupada no sector primario representou o 18% da poboación ocupada galega (177,1 miles de persoas), fronte ó 18,4% (173,1 miles de ocupados) do ano anterior. Non obstante, a diferenza do ano 1999, o 2000 presentou un crecemento da poboación ocupada no campo, en tanto que a pesca segue experimentando unha mellora en termos de poboación ocupada.

CADRO 3.1.1.

Poboación ocupada na agricultura e na pesca 1998-99: distribución por sexo e grupos de idade

	Total		Homes		Mulleres	
	1999	2000	1999	2000	1999	2000
16 - 24 anos	10,3	7,4	6,9	6,3	3,4	1,1
25 - 54 anos	112,9	117,2	61,7	64,2	51,2	53,0
55 e máis anos	49,9	52,6	19,1	18,9	30,8	33,7
Total	173,1	177,1	87,7	89,4	85,4	87,8

Fonte: IGE

Como se pode apreciar no **cadro C.2.3.** (*Poboación ocupada 1999-00: distribución segundo sectores económicos*), a poboación ocupada na agricultura e gandería aumenta un 1,3% en relación ó ano anterior (1,8 miles de persoas), e no subsector pesqueiro o crecemento foi do 6,6% no que ó número de traballadores ocupados se refire (2,2 miles de ocupados máis). A provincia de Lugo concentra o maior volume de traballadores no campo, ó acolle-lo 37,5% da poboación ocupada na agricultura e gandería. No caso da pesca, é a provincia de Pontevedra quen concentra a maior porcentaxe de poboación ocupada, acollendo ó 45,8% do total da poboación ocupada dedicada á pesca.

Os datos do devandito cadro reflicten o maior peso da man de obra feminina no campo, que no ano 2000, ó igual que no ano precedente, representa o 57% da poboación ocupada no subsector agrícola e gandeiro. Este peso da man de obra feminina débese, en boa medida, ó papel das axudas familiares. Estas axudas familiares na agricultura representan o 72,3% do total (37 miles de persoas) e, dentro destas, a muller significou o 70,6% (26 miles de persoas).

A poboación ocupada no sector primario, a diferenza do acontecido nos anos anteriores, aumentou no ano 2000 en 4,0 miles de persoas, pasando das 173,1 miles de ocupados de 1999 ás 177,1 persoas do ano 2000. Este aumento prodúcese no grupo de idade comprendido entre 25 e 54 anos (un 3,8%, 4,3 miles de persoas) e no de 55 e máis anos (5,4%, 2,7 miles de persoas), en tanto que descende o número de traballadores de idades comprendidas entre 16 e 24 anos (un 2,8%, 2,9 miles de persoas menos).

No ano 1999 continúa o descenso da renda agraria (VEB a custo de factores), acadando os 151.343,3 millóns de pesetas, un 1,3% menos que no ano precedente. A produción total agraria no ano 2000 medrou un 4,3% para acadar un valor de 430.795,1 millóns de pesetas, dos que 299.417,8 millóns corresponden á produción final agraria.

Finalmente, a **situación empresarial** das actividades relacionadas co sector primario ven reflectida nos **cadros 3.1.2., 3.1.3. e 3.1.4.** Segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán, o sector primario está formado no ano 1999 por un total de 2.440 empresas, que presentan un emprego medio de 22 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 220.914,7 millóns de pesetas. Comparado coa situación empresarial do conxunto de empresas de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 23,1% das empresas e xera o 18,9% do VEB a custo de factores.

O devandito **cadro 3.1.2.** amosa que son as actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro as que engloban un maior número de empresas (1.076 empresas) xerando o 49,5% do total de ingresos de explotación do sector primario e o 37,2% do valor engadido bruto a custo de factores. As 693 empresas pertencentes ó subsector mar-industria xeran o 35,2% do valor engadido bruto.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro C.3.17.** (*Sector primario 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración*

CADRO 3.1.2.
Sector primario 1999: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Complexo mar-industria	693	526.830,10	77.800,67	22.293,86	371.991,52	27
Complexo agro-gandeiro	1.076	803.134,42	82.080,72	22.217,26	325.486,91	20
Complexo silvicultura-madeira	671	292.379,31	61.033,35	19.942,98	221.349,28	20
Total	2.440	1.622.343,83	220.914,73	64.454,10	918.827,72	22
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	23,08%	27,40%	18,93%	18,53%	20,51%	

Fonte: Ardán

CADRO 3.1.3.
Evolución da actividade no sector primario 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	1.505.609,05	100,00	1.622.343,83	100,00	7,75
Consumo e outros gastos de explotación	1.298.064,46	86,22	1.401.429,09	86,38	7,96
Valor engadido bruto a custo dos factores	207.544,60	13,78	220.914,73	13,62	6,44
Gastos de persoal	124.961,30	8,30	135.201,14	8,33	8,19
Resultado económico bruto da explotación	82.583,30	5,49	85.713,60	5,28	3,79
Amortizacións	33.429,96	2,22	36.030,00	2,22	7,78
Resultado económico neto da explotación	49.153,34	3,26	49.683,59	3,06	1,08
Resultado financeiro	-10.233,89	-0,68	-7.595,89	-0,47	25,78
Ingresos financeiros	11.949,12	0,79	11.516,48	0,71	-3,62
Gastos financeiros	22.183,01	1,47	19.112,37	1,18	-13,84
Resultado de actividades ordinarias	38.919,45	2,58	42.087,70	2,59	8,14
Resultado de actividades extraordinarias	4.040,32	0,27	4.189,90	0,26	3,70
Resultado antes de impostos	42.959,77	2,85	46.277,60	2,85	7,72
Impostos	15.001,50	1,00	15.275,96	0,94	1,83
Resultado neto do exercicio	27.958,27	1,86	31.001,64	1,91	10,89
Cash-flow	57.359,19	3,81	64.454,10	3,97	12,37

Fonte: Ardán

CADRO 3.1.4.
Evolución do investimento e do financiamento no sector primario 1998-99

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	840.977,96	100,00	918.827,72	100,00	9,26
Activo fixo (neto)	338.873,80	40,30	386.847,82	42,10	14,16
Gastos amortizables	3.903,43	0,46	3.882,94	0,42	-0,52
Inmovilizado inmaterial	15.137,07	1,80	18.461,73	2,01	21,96
Inmovilizado material	223.808,88	26,61	250.770,18	27,29	12,05
Outro inmovilizado	95.807,61	11,39	113.608,85	12,36	18,58
Outro activo fixo	216,82	0,03	124,12	0,01	-42,75
Circulante neto	502.104,16	59,70	531.979,90	57,90	5,95
Existencias	164.148,75	19,52	164.536,90	17,91	0,24
Debedores	267.949,52	31,86	292.736,71	31,86	9,25
Tesorería	39.316,25	4,68	43.041,98	4,68	9,48
Outro activo circulante	30.689,64	3,65	31.664,31	3,45	3,18
Fontes de financiamento	840.977,96	100,00	918.827,72	100,00	9,26
Financiamento permanente	415.200,53	49,37	465.933,37	50,71	12,22
Fondos propios	280.733,72	33,38	311.398,32	33,89	10,92
Recursos alleos I/p	106.614,28	12,68	121.533,16	13,23	13,99
Ingresos distribuídos en varios exercicios	27.852,53	3,31	33.001,89	3,59	18,49
Acreedores a curto prazo	425.777,42	50,63	452.894,35	49,29	6,37
Fondo de rotación	76.326,73	9,08	79.085,55	8,61	3,61

Fonte: Ardán

do VEB), é Vigo, cun total de 36.476,6 millóns de pesetas, un 12,4% máis que no ano anterior, seguido de A Coruña, cun valor engadido bruto xerado de 25.291,9 millóns de pesetas, un 3,4% superior ó do ano anterior.

Respecto á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 3.1.3.** reflicte que no ano 1999 as empresas do sector primario consideradas no seu conxunto presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 10,9% para situarse nos 31.001,6 millóns de pesetas. O resultado antes de impostos medrou un 7,7%, ascendendo a 46.277,6 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 6,4%, 1,3 puntos menos que o que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 13,8% de 1998 ata o 13,6% do ano 1999. Asemade, o devandito cadro reflicte un medre da importancia relativa do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, que acada o 1,9% e o 2,6% dos ingresos de explotación, respectivamente.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.1.4.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 20,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 79.085,6 millóns de pesetas, un 3,6% superior ó existente o ano anterior. O 79,6% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concerne ás fontes de financiamento, o 50,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 10,9% respecto ó ano anterior, supoñen o 33,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 14%, cun peso relativo do 13,2% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 918.827,7 millóns de pesetas, un 9,3% superior ó valor de 1998, dos que 386.847,8 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 14,2% superior respecto ó ano anterior). Os

531.979,9 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 6% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro C.3.15.** (*Sector primario 1998-99 estudio económico e financeiro*) reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, un medre do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 4,5 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 8,9 puntos porcentuais.

O devandito **cadro C.3.15.** amosa que a rendibilidade económica permanece practicamente constante en 1999, situándose en 5,74%, en tanto que a rendibilidade financeira antes de impostos descende un punto para situarse no 12,9%. Ámbalas dúas son inferiores ás rendibilidades experimentadas polas 10.572 empresas seleccionadas, consideradas no seu conxunto.

Subsector agro-gandeiro

A análise do subsector agro-gandeiro estrutúrase en tres partes onde se analizará o subsector agrogandeiro no seu conxunto, para posteriormente considera-lo estudio da agricultura e da gandería por separado.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailo Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) son os encargados de levar a cabo as políticas relacionadas co ámbito agro-gandeiro. Os **cadros 3.1.5.** e **3.1.6.** amosan o presuposto total consolidado da Consellería de Agricultura, que ascendeu a 38.098,9 millóns de pesetas no ano 2000, un 6,4% superior ó de 1999, das que 23.947,5 millóns de pesetas (o 62,9%) corresponde ó presuposto da consellería e os 14.151,3 millóns de pesetas restantes (o 37,1%) ó seu organismo autónomo.

O **cadro 3.1.5.** amosa que os principais

CADRO 3.1.5.

Presupostos consolidados da Consellería de Agricultura 1999-00: distribución dos créditos por programas

	1999	2000	00/99
	(en millóns de pesetas)		%
Capacitación extensión agraria	1.537	1.530,7	-0,4
Formación Profesional F.S.E.	253	315,0	24,5
Infraestructuras, reforma e desenvolvemento agr.	4.739	1.044,3	-78,0
Desenvolvemento rural	1.767	7.294,8	312,8
Servicios Xerais de Agricultura	2.333	2.345,8	0,5
Promoc. cooperativa e social e Div. de Tec. Agr.	312	62,0	-80,1
Sanidade vexetal e animal	2.689	2.762,3	2,7
Ord., reestr., fomento e mellora da prod. agraria	6.129	6.700,4	9,3
Regulación de producións e mercados agrarios	768	740,6	-3,6
Ordenación e creación de industrias agroaliment.	169	172,9	2,3
Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	966	908,0	-6,0
Elaboración e difusión estatística	7	6,7	-4,3
Fomento de cultivos alternativos	341	400,4	17,4
Fomento do sector gandeiro	9.008	8.779,0	-2,5
Fomento das industrias agroalimentarias	3.746	4.033,4	7,7
Fomento da comercialización agroindustrial	1.043	1.002,6	-3,9
Total	35.807	38.098,9	6,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.6.

Presupostos da Consellería de Agricultura 1999-00: distribución económica

	Consellería			ILGA (1)			Total		
	1999	2000	99/98	1999	2000	99/98	1999	2000	99/98
	(en millóns de pesetas)			(en millóns de pesetas)			(en millóns de pesetas)		
			%			%			%
Operacións correntes	7.424	7.610,3	2,5	869	869,8	0,1	8.293	8.480,1	2,3
Operacións de capital	28.376	30.484,5	7,4	13.090	13.281,5	1,5	41.466	43.766,0	5,5
Total bruto	35.800	38.094,8	6,4	13.959	14.151,3	1,4	49.759	52.246,1	5,0
Transferencias internas	13.952	14.147,3	1,4				13.952	14.147,3	1,4
Total consolidado	21.848	23.947,5	9,6	13.959	14.151,3	1,4	35.807	38.098,8	6,4

(1) Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

programas son os correspondentes a: Fomento do sector gandeiro; Desenvolvemento rural; e Ordenación, reestructuración, fomento e mellora da produción agraria. Co primeiro, dotado con 8.779 millóns de pesetas, preténdese primar ós gandeiros con vacas nodrizas, ós de ovino e caprino, co obxectivo de compensarlle-la perda de rendas provocada pola baixa dos prezos garantidos para a produción de carne de ovino, caprino e vacún. Asemade, tamén se pretende a modernización das explotacións gandeiras.

O segundo, con 7.294,8 millóns de pesetas (un 312,8% máis que en 1999), ten como obxectivo a reorganización das estruturas agrarias coa finalidade de lograr explotacións viables, e ampara-las accións destinadas ó desenvolvemento do potencial endógeno das áreas rurais. O terceiro, cun presuposto de 6.700,4 millóns de pesetas (un 9,3% superior ó do ano anterior), ten


por obxecto accións que inciden no incremento de rendibilidade das explotacións, dentro do marco da PAC.

Do total da superficie xeográfica galega (2.947,7 miles de hectáreas), **cadro C.3.10. (Distribución xeral de terras 1999)**, un 62,3% corresponde á superficie forestal, en tanto que a superficie dedicada a cultivo acada o 13%, e a prados e pasteiros o 15,5%. A superficie agraria útil ascendeu a 904.257 hectáreas en 1999, en tanto que a superficie fertilizable foi de 596.793 hectáreas.

O devandito cadro reflicte a importancia relativa do terreo forestal na provincia de Ourense: o 75,7% da súa superficie está dedicada a terreo forestal. Comparado coa distribución no conxunto de Galicia, nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra o peso relativo na

GRÁFICO 3.1.1.

Achega dos principais subsectores á produción final agraria 1998-99



Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.7.

Macromagnitudes agrarias 1998-99: gastos de fóra do sector

	1998	1999	99/98
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>%</i>
Sementes selectas e pés	3.997,6	4.583,7	14,7
Pensos para o gando	39.788,0	40.512,4	1,8
Fertilizantes	5.133,0	6.256,4	21,9
Emendas	292,4	307,4	5,1
Enerxía	9.807,7	11.436,1	16,6
Lubricantes	1.450,9	1.458,8	0,5
Neumáticos	3.187,6	3.233,4	1,4
Productos fitosanitarios	1.645,5	1.821,0	10,7
Tratamentos zoonosanitarios	7.374,5	7.231,5	-1,9
Reparación de maquinaria	33.255,0	35.511,6	6,8
Reparación de construcións	4.452,8	4.093,7	-8,1
Outros gastos	3.735,7	3.952,4	5,8
Total	114.120,7	120.398,4	5,5

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.8.

Consumo agrícola de fertilizantes nas CC.AA. 1999-00

	1999	2000			00/99	Tm/1000 Ha. (t)		
	Total	Total	Nitrogenados	Fosfatados	Potásicos	1999	2000	
		(en miles de Tm)			%			
Andalucía	430,1	428,3	271,2	84,0	73,1	-0,4	73,8	73,5
Aragón	205,0	209,2	113,3	60,2	35,7	2,0	76,6	78,2
Asturias	12,3	11,5	3,9	4,8	2,8	-6,5	37,1	34,7
Baleares	9,9	5,3	3,5	1,1	0,7	-46,5	37,9	20,3
Canarias	20,3	17,6	7,3	4,1	6,2	-13,3	256,5	222,4
Cantabria	3,2	8,5	2,8	3,7	2,0	165,6	11,4	30,3
Castela - A Mancha	253,7	247,2	150,8	61,8	34,6	-2,6	49,9	48,6
Castela e León	590,7	578,8	314,2	155,0	109,6	-2,0	98,1	96,1
Cataluña	150,6	152,5	72,3	32,2	48,0	1,3	122,4	123,9
Comunidade Valenciana	216,9	222,4	115,9	43,6	62,9	2,5	174,7	179,2
Estremadura	100,3	93,9	47,3	24,2	22,4	-6,4	31,9	29,8
Galicia	74,0	69,6	32,0	22,9	14,7	-5,9	81,8	77,0
Madrid	13,6	31,4	16,7	6,9	7,8	130,9	30,9	71,4
Murcia	131,6	114,7	60,1	31,9	22,7	-12,8	190,3	165,8
Navarra	61,6	67,6	39,3	16,7	11,6	9,7	100,0	109,7
Pais Vasco	30,9	37,2	14,2	9,7	13,3	20,4	111,7	134,5
A Rioxa	32,3	28,6	14,4	7,5	6,7	-11,5	117,8	104,3
Total	2.337,2	2.324,3	1.279,2	570,3	474,8	-0,6	79,5	79,1

(1) o consumo de fertilizantes por Ha. cáculase a partir dos datos da Superficie Agraria Util de cada C.A. proporcionados polo Ministerio para 1999
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

superficie total provincial da superficie dedicada a terras de cultivo e prados e pasteiros é superior á media galega.

Tal e como reflicte o **cadro C.3.11.** (*Macromagnitudes agrarias 1998-99: gastos fóra do sector*), o valor engadido bruto a custo de factores ou renda agraria diminúe no ano 1999 un 1,3% respecto ó ano precedente, para situarse nos 151.343,3 millóns de pesetas.

A produción total agraria (PTA) no ano 1999 aumentou un 4,3% respecto ó ano anterior, para acadar 430.795,1 millóns de pesetas, dos que 299.417,8 millóns de pesetas corresponden á produción final agraria (PFA). Atendendo á achega dos subsectores agrícola e gandeiro á produción final agraria (PFA) no ano 1999, o sector primario presenta unha importante supe-ditación ó sector gandeiro, xa que este representa o 55,9% da PFA, en tanto que o sector agrícola supón o 24,6%. Comparado co ano anterior, prodúcese un descenso da contribución do sector gandeiro á PFA, que pasa do 64,15 de 1998 ó 55,9% do ano 1999, en tanto que a achega do sector agrícola medra dende o 19,9% de 1998 ata os 24,6% do último ano.

A vocación comercial do sector agrícola (que mide o nivel de integración do sector no

seu entorno), medida pola relación PFA/PTA, foi do 43,6% en 1999, moi lonxe da porcentaxe rexistrada polos subsectores gandeiro e forestal (84,1% e 91,3%, respectivamente).

Os gastos de fóra do sector, que son un indicador do avance tecnolóxico e de integración, acadaron no ano 1999 un valor de 120.398,4 millóns de pesetas, un 5,5% máis que no ano precedente. Ó igual que no ano anterior, os gastos máis importantes corresponden a pensos para o gando (directamente relacionada coa gandería industrial), con 40.512,4 millóns de pesetas, e ás reparacións de maquinaria, con 35.511,6 millóns de pesetas. En conxunto, estes dous aspectos representan o 63,1% do total dos gastos de fóra do sector (**cadro 3.1.7.**).

Outro gasto a ter en conta é o consumo agrícola de fertilizantes. O **cadro 3.1.8.** amosa que Galicia consumiu no ano 2000 un total de 69,6 miles de toneladas de fertilizantes, un 5,9% menos que no ano anterior, sendo a novena comunidade en canto ó consumo dos mesmos. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o 3% do total consumido en España, fronte ó 3,2% do ano anterior.

Ponderándoo segundo a superficie agraria útil de cada comunidade, o consumo descende

CADRO 3.1.9.

Inscripcións de máquinas agrícola novas en Galicia e España 1999-00

1999				
	Tractores	Motocultores	Cosechadoras de cereais	Total
Galicia	1.784	723		2.507
España	22.537	1.305	652	24.494
G/E	7,9	55,4	0,0	10,2
2000				
	Tractores	Motocultores	Cosechadoras de cereais	Total
Galicia	1.593	716	1	2.310
España	20.033	1.220	633	21.886
G/E	8,0	58,7	0,2	10,6
00/99				
	Tractores	Motocultores	Cosechadoras de cereais	Total
Galicia	-10,7	-1,0		-7,9
España	-11,1	-6,5	-2,9	-10,6

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

CADRO 3.1.10.

Índices de prezos percibidos polos agricultores 1999-00: medias anuais españolas

	1999	2000	00/99
	anobase 1990=100		%
Productos vexetais	118,96	114,99	-3,3
Productos agrícolas	118,84	114,59	-3,6
Cereais consumo humano	93,12	90,07	-3,3
Cereais penso	86,73	88,78	2,4
Leguminosas consumo humano	130,09	156,01	19,9
Leguminosas penso	97,48	94,17	-3,4
Pataca	126,90	99,50	-21,6
Hortalizas	114,46	116,81	2,1
Froitas frescas (non cítricos)	101,08	83,45	-17,4
Viño e mosto	203,17	212,24	4,5
Sementes	99,68	85,77	-14,0
Flores e plantas ornamentais	123,71	104,81	-15,3
Productos animais	103,78	108,21	4,3
Vacún para abasto	106,36	105,84	-0,5
Ovino para abasto	113,81	120,10	5,5
Cabrún para abasto	124,09	128,64	3,7
Porcino para abasto	88,88	102,39	15,2
Aves para abasto	96,55	99,57	3,1
Coellos para abasto	89,33	91,59	2,5
Productos gandeiros	116,47	116,61	0,1
Leite	124,17	121,12	-2,5
Ovos	98,24	106,71	8,6
La	81,21	58,51	-28,0
Productos forestales	122,37	126,85	3,7
Madera coníferas	127,63	125,71	-1,5
maderas frondosas	106,89	107,92	1,0
corcho	134,68	186,09	38,2
Índice xeral de prezos percibidos	113,29	112,46	-0,7

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

CADRO 3.1.11.

Axudas ás explotacións agrarias 1998-99

	1998		1999	
	Número	Subvención (en pesetas)	Número	Subvención (en pesetas)
Posta en produción de superficies infrautilizadas en montes veciñais	17	93.609.870	28	94.544.048
Mellora da eficacia dos sistemas productivos agrarios	181	255.089.145	140	260.176.991
Axudas a superficies con cultivos herbáceos	38.685	2.274.592.495	37.806	2.250.617.320
Primas a produtores de vacún de carne (becerras)	7.552	252.917.610	2.944	316.277.167
Primas a gandeiros de ovino-caprún	4.448	658.559.452	4.228	751.361.975
Primas a gandeiros con vacas mosexas	27.203	4.815.942.486	25.879	4.881.788.250
Mellora das estruturas de explotacións agrarias (RD 1887/91, 204/96) (só subvención directa)				
A)Primeira instalación de agricultores novos	462	969.150.718	481	1.031.060.850
B)Investimentos en plans de mellora de explotacións	1.733	1.239.959.499	1.775	3.576.270.242
C)Axudas para a introdución á contabilidade	801	40.851.250	1.988	106.753.825
D)Axudas a agrupacións de xestión	56	163.843.878	36	108.028.000
R)Investimentos en plans de mellora fóra da acción común	4	4.762.200	4	4.205.250
Cesamento anticipado na actividade agraria	643	755.200.000	829	397.416.111
Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas	25.506	1.448.436.987	26.010	1.418.932.024
Abandono produción leiteira	5.652	496.558.326	7.589	2.078.815.976
Medidas agroambientais en agricultura (R. 2078/92)				
Razas autóctonas en perigo de extinción	104	15.368.000	122	10.752.600
Protección integrada do viñado	264	24.149.350	238	24.193.650
Conservación contorno paisaxístico en viñedos Ribeira Sacra	429	16.912.960	701	24.926.680
Prevención erosión en sistemas extensivos de pastoreo	55	34.072.890	62	32.796.924
Reestruturación de viñado	-	-	370	94.302.711
Adquisición de maquinaria	-	-	77	115.033.265
Agrupación tratamentos integrados para a agricultura	-	-	13	28.600.200
Agrupación defensa vexetais	-	-	76	49.999.999
Medidas extraordinarias sectores vitivinícola e frutícola	-	-	69	24.493.918
Seguros agrarios	-	-	3.981	46.584.348
Total	113.795	13.559.977.116	115.446	17.727.932.324

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

no ano 2000 dende os 81,8 toneladas por cada mil hectáreas de 1999 ata as 77,0 toneladas/1.000Ha. Comparado coas outras comunidades autónomas, en termos de consumo por cada 1.000 hectáreas, Galicia sería a décima comunidade, sendo o seu consumo inferior ó consumo medio estatal que foi de 79,1 toneladas por cada mil hectáreas no ano 2000.

Un último gasto fóra do sector a ter en conta é a adquisición de maquinaria. Tal e como reflicte o **cadro 3.1.9.**, que recolle a composición do censo da maquinaria da comunidade autónoma, no ano 2000 prodúcese un descenso tanto no número de tractores como no número de motocultores (10,7% e 1,0%, respectivamente). En termos absolutos, o número de tractores acada a cifra de 1.593 no ano 2000, fronte ós 1.784 do ano anterior, en tanto que no caso dos motocultores, pásase dos 723 de 1999 ós 716 do ano considerado.

O **cadro 3.1.10.** reflicte os índices de prezos percibidos polos agricultores nos dous últimos anos, onde se aprecia que, no ano 2000, estes descenderon 0,7% respecto ó ano anterior

fronte ó descenso de 0,8% experimentado en 1999. A causa principal desta caída é o descenso dos prezos dos produtos vexetais e produtos agrícolas, que supera o crecemento no caso dos produtos animais, forestais e gandeiros.

Finalmente, o **cadro 3.1.11.** reflicte as diferentes axudas ás explotacións agrarias outorgadas nos anos 1998 e 1999, segundo os datos da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. O número de medidas ou liñas de actuación expedidas en 1999 ascendeu a 115.446 (un 1,5% superior ó experimentado o ano anterior), cun volume total de subvencións de 17.727,9 millóns de pesetas, fronte ós 13.560 millóns de pesetas do ano anterior.

Os principais grupos de axudas atendendo ó número de axudas estruturais e ás subvencións recibidas son os de as “primas a gandeiros con vacas mosexas”, as “axudas a superficies con cultivos herbáceos”, as “indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas” e as axudas para o “abandono produción leiteira”, que acollen o 60% das subvencións (84,3% das axudas concedidas).

Complexo agro-gandeiro 1999: actividades que comprende o grupo

Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio	
(en millóns de pesetas)						
Producción gandeira	20	3.365,41	586,10	117,25	2.852,42	7
Producción avícola	13	5.136,77	789,77	42,62	2.440,41	23
Industria cárnica	60	43.509,15	6.277,65	1.044,25	20.603,67	30
Industria láctea	25	107.214,91	8.345,31	1.595,48	36.548,71	52
Producción de alimentación animal	31	49.701,12	6.989,07	2.394,73	25.318,79	33
Fariñas, pan, dulces e pastelerías	88	19.955,06	7.228,05	2.181,40	11.776,78	24
Fabr. de bebidas con base alcohólica exc. viño	7	10.706,13	4.164,38	1.948,56	9.012,86	48
Fabricantes de viños	31	8.659,56	1.567,45	660,86	9.288,99	8
Fabr. de bebidas refrescantes non alcoh. e augas min.	15	19.957,75	5.524,62	2.262,74	17.263,15	49
Fabricantes doutros produtos alimenticios	33	14.750,58	3.531,12	1.137,59	11.791,51	22
Distr. xeral maiorista de pdtos. aliment. e bebidas	266	206.288,58	10.071,56	2.820,55	76.424,18	13
Distr. especializada maior. pdtos. aliment. e bebidas	241	169.649,16	12.232,65	2.805,84	53.483,77	12
Distr. detallista de pdtos. alimenticios e bebidas	140	108.981,60	11.242,91	2.271,16	33.866,42	35
Distr. especializada maior. de gando e prod. granxas	106	35.258,65	3.530,09	934,22	14.815,28	8
Total	1.076	803.134,42	82.080,72	22.217,26	325.486,91	20
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	10,18%	13,56%	7,03%	6,39%	7,26%	

Fonte: Ardán

• *Indicadores empresariais*

O subsector agro-gandeiro está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 1.076 empresas, sendo o seu emprego medio de 20 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 803.134,4 millóns de pesetas (o 13,6% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 82.080,7 millóns (o 7%).

O devandito cadro reflicte que as actividades relacionadas coa de distribución de produtos alimenticios e bebidas son as que engloban o maior número de empresas, con 753 empresas (o 70% das empresas pertencentes ó sector primario), xerando o 64,8% dos ingresos de explotación e o 45,2% do VEB a custo de factores.

No caso das actividades productivas (323 empresas), as 25 empresas lácteas son as que xeran un maior VEB, con 8.345,3 millóns de pesetas (o 10,2% do total xerado polo subsector agro-gandeiro), e presentan uns ingresos de explotación de 107.214,9 millóns de pesetas, o 13,3% dos ingresos totais do subsector. O emprego medio nestas empresas lácteas ascendeu a 52 traballadores por empresa.

Xunto á industria láctea, salientan as empresas de fariñas, pan, doces e pastelerías (88 empresas), que crean un VEB en 1999 de 7.228 millóns de pesetas, as 31 empresas pertencentes á actividade de produción animal, cun VEB de 6.989 millóns de pesetas, e as 60 da industria cárnica, con 6.277,7 millóns de pesetas. A súa importancia relativa no total do VEB xerado polo subsector foi do 8,8%, 8,5% e 7,6%, respectivamente.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 3.1.13.**, é A Coruña, cun total de 16.466 millóns de pesetas, un 2% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 10.220,3 millóns de pesetas. Comparado co ano anterior, salienta a evolución seguida polo VEB xerado polas empresas emprazadas no municipio de Vigo, que medra un 36,3% respecto ó ano precedente, e o aumento experimentado polas empresas de Arteixo, un 18,5% respecto a 1998.

A conta de explotación agregada das 1.076 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 3.1.14.**, reflicte que no ano 1999 as empresas do sector primario consideradas no seu conxunto presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 82,2% para situarse nos

CADRO 3.1.13.
Complexo agro-gandeiro 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1998	1999	99/98
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		%
A Coruña	16.137,32	16.466,04	2,0
Vigo	7.498,24	10.220,29	36,3
Arteixo	3.830,46	4.540,91	18,5
O Porriño	4.112,81	4.251,37	3,4
Lugo	3.357,31	3.691,28	9,9
Santiago	3.442,19	3.600,27	4,6
Poio	2.413,34	2.664,56	10,4
Redondela	2.282,33	2.648,94	16,1

 Fonte: *Ardán*
CADRO 3.1.14.
Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1998		1999		99/98
	<i>(en millóns de pesetas)</i>	%	<i>(en millóns de pesetas)</i>	%	
Ingresos de explotación	731.054,44	100,00	803.134,42	100,00	9,86
Consumo e outros gastos de explotación	656.220,05	89,76	721.053,70	89,78	9,88
Valor engadido bruto a custo dos factores	74.834,39	10,24	82.080,72	10,22	9,68
Gastos de persoal	48.447,03	6,63	53.416,07	6,65	10,26
Resultado económico bruto da explotación	26.387,36	3,61	28.664,65	3,57	8,63
Amortizacións	11.635,39	1,59	12.223,89	1,52	5,06
Resultado económico neto da explotación	14.751,97	2,02	16.440,76	2,05	11,45
Resultado financeiro	-1.907,18	-0,26	102,13	0,01	105,36
Ingresos financeiros	5.302,91	0,73	5.804,22	0,72	9,45
Gastos financeiros	7.210,09	0,99	5.702,09	0,71	-20,92
Resultado de actividades ordinarias	12.844,78	1,76	16.542,89	2,06	28,79
Resultado de actividades extraordinarias	-1.549,69	-0,21	-337,11	-0,04	78,25
Resultado antes de impostos	11.295,09	1,55	16.205,78	2,02	43,48
Impostos	5.330,30	0,73	5.340,85	0,67	0,20
Resultado neto do exercicio	5.964,80	0,82	10.864,93	1,35	82,15
Cash-flow	15.800,23	2,16	22.217,26	2,77	40,61

 Fonte: *Ardán*
CADRO 3.1.15.
Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 1998-99

	1998		1999		99/98
	<i>(en millóns de pesetas)</i>	%	<i>(en millóns de pesetas)</i>	%	
Activo total	294.288,78	100,00	325.486,91	100,00	10,6
Activo fixo (neto)	119.407,15	40,57	131.933,98	40,53	10,5
Gastos amortizables	1.778,86	0,60	1.939,78	0,60	9,0
Inmobiliado inmaterial	7.059,30	2,40	8.311,67	2,55	17,7
Inmobiliado material	76.959,89	26,15	88.847,09	27,30	15,4
Outro inmovilizado	33.579,07	11,41	32.756,87	10,06	-2,4
Outro activo fixo	30,02	0,01	78,57	0,02	161,8
Circulante neto	174.881,63	59,43	193.552,93	59,47	10,7
Existencias	55.363,48	18,81	58.151,23	17,87	5,0
Debedores	90.269,59	30,67	103.679,85	31,85	14,9
Tesourería	16.265,85	5,53	17.262,86	5,30	6,1
Outro activo circulante	12.982,72	4,41	14.458,99	4,44	11,4
Fontes de financiamento	294.288,78	100,00	325.486,91	100,00	10,6
Financiamento permanente	129.791,95	44,10	147.288,08	45,25	13,5
Fondos propios	94.449,04	32,09	105.508,60	32,42	11,7
Recursos alleos I/p	30.370,61	10,32	35.419,34	10,88	16,6
Ingresos distribuídos en varios exercicios	4.972,30	1,69	6.360,14	1,95	27,9
Acreedores a curto prazo	164.496,83	55,90	178.198,84	54,75	8,3
Fondo de rotación	10.384,80	3,53	15.354,10	4,72	47,9

 Fonte: *Ardán*

CADRO 3.1.16.

Complexo agro-gandeiro 1998-99: estudio económico-financieiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	3,88	10,22	12,27	24,18	8,91	15,92	1,67	3,25	0,47	0,93	2,23	3,45
1998	7,77	11,50	11,78	23,97	8,58	16,24	1,69	3,25	0,52	1,08	2,10	3,17

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	5,26	6,67	1,81	3,50	2,86	1,88	12,51	18,11	1,75	2,24	2,27	2,45
1998	5,35	6,48	1,79	3,47	2,93	1,84	13,94	16,77	1,97	2,53	2,42	2,56

Fonte: Ardán

10.864,9 millóns de pesetas. O resultado antes de impostos medrou un 43,5%, ascendendo a 16.205,8 millóns de pesetas.

O resultado de actividades ordinarias medrou no ano 1999 un 28,8% respecto ó ano precedente, para acadalos 16.542,9 millóns de pesetas, o que significa o 2,06% dos ingresos de explotación, que medraron un 9,86%. Nese ano, o VEB a custo de factores medrou un 9,68%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación mantense practicamente constante (10,24% en 1998 e 10,22% en 1999).

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, destaca o importante descenso dos gastos financeiros, que descenden un 20,9% no ano 1999 respecto ó ano precedente, sendo o seu peso relativo do 0,7% fronte ó 1% do ano 1998.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.1.15.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 7,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 15.354,1 millóns de pesetas, un 47,9% superior ó existente o ano anterior.

O 92,1% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 45,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 11,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 16,6%, cun peso relativo do 10,9% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 325.486,9 millóns de pesetas, un 10,6% superior ó valor de 1998, dos que 131.934 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 10,5% superior respecto ó ano anterior). Os 193.552,9 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,7% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financieiro se refire, o **cadro 3.1.16.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 6,3 puntos inferior,

CADRO 3.1.17.

Macromagnitudes do subsector agrícola 1998-99

Cultivos	1998		
	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
	(en millóns de pesetas)		
Cereais	6.519,4	4.738,0	1.781,4
Leguminosas	1.574,9	85,2	1.489,7
Pallas	830,3	830,3	-
Tubérculos consumo humano	11.450,0	1.077,2	10.372,8
Cultivos industriais herb.	-	-	-
Cultivos forraxeiros	38.911,4	38.911,4	-
Pastos accidentais e praderías naturais	32.114,0	32.114,0	-
Hortalizas	17.921,8	1.126,4	16.795,4
Cítricos	220,3	-	220,3
Froitas non cítricas	5.267,3	42,3	5.225,0
Viño e subproductos	18.123,1	465,8	17.657,3
Outros industriais	38,6	-	38,6
Flores e plantas ornamentais	5.109,8	-	5.109,8
Sementes selectas e pes agrícolas	490,8	-	490,8
Total	138.571,7	79.390,6	59.181,1

Cultivos	1999		
	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
	(en millóns de pesetas)		
Cereais	6.789,9	5.029,0	1.760,9
Leguminosas	1.381,5	75,9	1.305,6
Pallas	872,7	872,7	-
Tubérculos consumo humano	13.468,0	1.225,8	12.242,2
Cultivos industriais herb.	-	-	-
Cultivos forraxeiros	53.592,8	53.592,8	-
Pastos accidentais e praderías naturais	32.615,8	32.615,8	-
Hortalizas	18.702,3	784,3	17.918,0
Cítricos	345,4	-	345,4
Froitas non cítricas	6.113,7	324,7	5.789,0
Viño e subproductos	28.707,6	795,1	27.912,5
Outros industriais	-	-	-
Flores e plantas ornamentais	5.740,1	-	5.740,1
Sementes selectas e pes agrícolas	558,8	-	558,8
Total	168.888,6	95.316,1	73.572,5

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 11,9 puntos porcentuais.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden en 1999 respecto a 1998 a diferenza do acontecido no conxunto das empresas galegas consideradas polo Ardán. O devandito **cadro 3.1.16.** amosa que a rendibilidade económica acadou en 1999 un 5,3% fronte ó 6,7% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira antes de impostos, as porcentaxes foron do 12,5% e do 18,1% no caso das empresas do subsector agro-gandeiro e no caso xeral de Galicia, respectivamente.

• Agricultura

Atendendo ó **cadro 3.1.17.**, que recolle as macromagnitudes do subsector agrícola galego

en 1998 e 1999, o valor monetario da produción total do subsector ascendeu a 168.888,6 millóns de pesetas, dos que 95.316,1 millóns de pesetas corresponderon ó reemprego no sector.

Como se pode apreciar, a produción total de cultivos forraxeiros e de pastos accidentais e de praderías naturais, que representa un 51% da produción total agraria, está reempregada completamente no subsector agrario. No caso contrario están os tubérculos consumo humano, as hortalizas e o viño, onde as súas producións están orientadas claramente ó mercado. Nestes tres últimos grupos, a achega á produción final agraria foi do 90,9% no caso dos tubérculos consumo humano, do 95,8% no caso das hortalizas, e do 97,2% no caso do viño.

A contribución do subsector á produción

CADRO 3.1.18.

Achega do subsector agrícola á produción final agraria 1998-99

	1998		1999	
	(en millóns de pesetas)	(Miles de Tm)	(en millóns de pesetas)	(Miles de Tm)
Cereais	1.781,4	45,1	1.760,9	52,3
Leguminosas	1.489,7	5,0	1.305,6	4,0
Tubérculos consumo humano	10.372,8	344,2	12.242,2	381,6
Hortalizas	16.795,4	189,3	17.918,0	187,2
Cítricos	220,3	6,5	345,4	6,8
Froitas non cítricas	5.225,0	70,4	5.789,0	21,4
Viño e subproductos	17.657,3	984,2	27.912,5	1.469,9
Outros industriais	38,6	2,5	-	-
Flores e plantas ornamentais	5.109,8	24,6	5.740,1	25,5
Sementes selectas e pés agrícolas	490,8	1,0	558,8	1,0
Total	59.181,1	1.672,8	73.572,5	2.149,7

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.19.

Macromagnitudes do subsector gandeiro 1998-99

	1998		
	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
	(en millóns de pesetas)		
Vacún: carne e gando	43.221,5	-	43.221,5
Ovino: carne e gando	1.624,7	-	1.624,7
Cabrún: carne e gando	717,8	-	717,8
Porcino: carne e gando	22.835,3	-	22.835,3
Aves: carne e gando	17.755,1	-	17.755,1
Coellos: carne e gando	2.902,9	-	2.902,9
Equino: carne e gando	74,1	-	74,1
Leite	99.962,1	9.600,4	90.361,7
Ovos	11.621,2	2.067,3	9.553,9
La	18,6	-	18,6
Esterco	20.769,7	20.769,7	-
Traballo animal	1.229,6	1.229,6	-
Varios	1.174,6	-	1.174,6
Total	223.907,2	33.667,0	190.240,2

	1999		
	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
	(en millóns de pesetas)		
Vacún: carne e gando	31.075,4	-	31.075,4
Ovino: carne e gando	698,4	-	698,4
Cabrún: carne e gando	291,9	-	291,9
Porcino: carne e gando	18.099,3	-	18.099,3
Aves: carne e gando	17.869,2	-	17.869,2
Coellos: carne e gando	2.505,8	-	2.505,8
Equino: carne e gando	53,0	-	53,0
Leite	96.774,1	9.418,0	87.356,1
Ovos	10.644,0	2.151,0	8.493,0
La	17,8	-	17,8
Esterco	18.920,5	18.920,5	-
Traballo animal	1.279,6	1.279,6	-
Varios	1.225,5	-	1.225,5
Total	199.454,5	31.769,1	167.685,4

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

Producción de leite 1998-99 ⁽¹⁾

	1998	Total	1999			
	Total		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
			<i>(en miles de litros)</i>			
Producción total	2.128.086	2.169.217	923.102	949.576	43.976	252.563
Consumo/Transformación	221.087	209.488	97.480	81.773	4.526	25.709
Producción comercializada	1.907.000	1.959.729	825.622	867.803	39.450	226.854

(1) avances

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

final agrícola, **cadro 3.1.18.**, medrou un 24,3% respecto ó ano anterior, acadando os 73.572,5 millóns de pesetas en 1999. O subsector máis importante en canto á súa contribución á PFA é o vitivinícola, que con 27.912,5 millóns de pesetas (un 58,1% máis que no ano anterior), representa o 37,9% da produción final agraria. Séguenlle en importancia as hortalizas e os tubérculos para o consumo humano, con 17.918 e 12.242,2 millóns de pesetas, respectivamente.

A achega do subsector agrícola á produción final agraria en 1999 está recollida no **cadro 3.1.18.**, que amosa que a produción final galega ascendeu a 2.149,7 millóns de toneladas, un 28,5% máis que no ano anterior. Entre os diferentes produtos salienta a produción de viño e subproductos, cunha produción superior ás 1.400 miles toneladas (un 49,3% máis que en 1998). Séguelle en importancia a produción de tubérculos para consumo humano, con 381,6 miles de toneladas.

A provincia que presenta unha maior produción, por mor do sector vitivinícola, é Pontevedra, que acolle o 48,3% da produción final galega, seguida de Ourense, co 29,1%.

As provincias de A Coruña e Ourense acollen en conxunto o 62,6% da produción final de pataca, en tanto que no caso do viño, a provincia de Pontevedra acapara o 57,3% da produción total de uva vinificación.

- **Gandería**

O punto de partida para analiza-lo subsector gandeiro é a información recollida no **cadro 3.1.19.**, que resume a situación do mesmo nos

anos 1998 e 1999. A produción total do subsector gandeiro descendeu no ano 1999 un 10,9%, ata chegar ós 199.454,5 millóns de pesetas, mentres que a contribución á PFA acadou os 167.685,4 millóns de pesetas, un 11,9% menos que no ano anterior. Este descenso da PTA prodúcese en case que tódolos subsectores gandeiros agás no caso das aves e traballo animal, onde permanece practicamente constante.

Entre os distintos subsectores gandeiros salienta a importancia do subsector lácteo en Galicia, xa que a súa produción total agraria no ano 1999, a pesares dun descenso do 3,2% respecto a 1998, supuña o 48,5% do valor da PTA galega. A PTA do sector lácteo ascendeu a 96.774,1 millóns de pesetas, dos que 87.356,1 millóns de pesetas corresponden á PFA (representa o 52,1% da PFA do sector gandeiro en Galicia).

A produción total de leite en Galicia en 1999 ascendeu a 2.169,2 miles de toneladas, das que 1.959,7 miles de toneladas (90,3%) se dedican á produción comercializada, e 209,5 ó consumo/transformación.

A cota leiteira asignada a Galicia para as campañas 1999/00 e 2000/01, tal e como reflicte o **cadro C.3.12.** (*Cota leiteira asignada ás CC.AA. e número de explotacións. Campañas 1999/00 e 2000/01*), foi de 1636,4 e 1.667,3 miles de toneladas, respectivamente, o que representa case un 31% da cota leiteira total de España, estando en Galicia aproximadamente o 53% das explotacións (35.661 e 32.097 explotacións, respectivamente).

En relación ó gando porcino, o **cadro 3.1.21.** reflicte que en 1999 prodúcese un des-

CADRO 3.1.21.

Censo de gando porcino por tipo de explotación 1998-99 ⁽¹⁾

	1998			1999		
	Explotacións Familiares	Explotacións de produción	Explotacións de cebo	Explotacións Familiares	Explotacións de produción	Explotacións de cebo
Nº de explotacións	56.300	841	385	49.240	846	373
Leitóns	87.480	185.250	14.468	74.658	174.394	11.123
20 a 49 Kg P.V.	66.304	139.970	66.122	56.698	138.251	78.243
Porcos en cebo	75.215	154.095	96.817	66.345	151.584	105.019
Verróns	1.164	2.204	115	1.106	2.097	119
Porcas reproductoras	35.064	78.256	4.614	29.763	77.065	5.945
Total animais	265.227	559.775	182.136	228.570	543.391	200.449

(1) datos do mes de decembro

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.22.

Número de reses sacrificadas e produción de carne 1998-99

	Número de reses					
	1998		1999			
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Bovino	408.423	403.935	136.482	96.915	90.120	80.418
Ovino	71.287	70.828	13.888	9.806	34.971	12.163
Cabrún	32.586	34.957	1.793	1.936	30.456	772
Porcino	1.139.655	1.277.193	311.484	156.851	59.277	749.581
Equino	1.428	1.420	478	666	10	266
Aves (1)	56.837	60.577	3.322	9.290	28.049	19.916
Coellos (1)	4.152	4.825	1.675	-	57	3.093

	Produción de carne					
	1998		1999			
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Bovino	83.690,57	84.024	30.263	20.606	17.366	15.789
Ovino	632,62	569	116	72	274	107
Cabrún	195,46	207	11	13	177	6
Porcino	89.827,29	99.869	23.520	12.193	4.893	59.263
Equino	128,90	184	52	103	1	28
Aves	112.429,92	122.574	5.923	17.742	58.164	40.745
Coellos	4.753,97	5.447,5	1.883	-	113,2	3.451

(1) en miles

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

censo no número de explotacións, que pasa de 57.526 explotacións de 1998 a 50.459 en 1999, e no número total de animais, que descende de 1.007.038 a 972.410 animais. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa un descenso do número de explotacións familiares (7.060 explotacións menos) e un aumento do número de animais de cebo.

Finalmente, o **cadro 3.1.22.** amosa a produción de carne por tipos. Atendendo ó número de reses sacrificadas, salienta o sector porcino, 1.277.193 porcos sacrificados (un 12,1% máis que no ano anterior), seguido do gando

bovino, con 403.935 reses (un 1,1% inferior a 1998).

Atendendo á súa desagregación provincial, Pontevedra destaca no eido do gando porcino ó acoller o 58,7% do total de reses sacrificadas en 1999, en tanto que A Coruña salienta no bovino, cun 33,8% do total de sacrificios. Ourense, pola súa banda, é o primeiro produtor de gando ovino e cabrún, dos que abrangue o 49,4% e 87,1% do total de reses sacrificadas, respectivamente.

En termos do número de toneladas producidas, no ano 1999 a produción de gando por-

CADRO 3.1.23.

Presupostos consolidados da Consellería de Pesca 1999-00: distribución dos créditos por programas

	1999	2000	00/99
	(en millóns de pesetas)		%
Ensinanzas pesqueiras	352	536,5	52,4
Formación Profesional F.S.E.	840	647,0	-23,0
Protección e mellora do medio ambiente	234	270,6	15,6
Protección e mellora do medio natural marítimo	474	315,0	-33,5
Dirección e Servizos Xerais de Pesca	1.815	1.889,8	4,1
Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	1.357	1.400,9	3,2
Ordenación, reestructuración, fomento e mellora da produción pesqueira de cultivos mariños	5.105	4.248,8	-16,8
Regulación das producións e dos mercados pesqueiros	99	99,0	0,0
Plan galego de investigación e desenv. tecnolóxico	534	659,0	23,4
Elab. e difusión estatística	11	11,4	3,6
Medio mariño	287	249,1	-13,2
Desenv. sostible da explotación dos recursos mariños	1.859	2.182,6	17,4
Transf., conserv. e comerc. dos produtos mariños	3.481	3.846,5	10,5
Promoc. produtos pesqueiros e fomento da calidade	541	558,3	3,2
Equipamentos pesqueiros	322	704,6	118,8
Reestructuración e renovación da flota pesqueira	3.553	4.257,9	19,8
Servizos ás actividades marítimas	229	166,0	-27,5
Total	21.093	22.043,0	4,5

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

cinco medrou un 11,2%, para situarse nas 99.869 toneladas, en tanto que no caso do gando bovino, a produción acadou as 84.024 toneladas, un 0,4% máis que en 1998.

Subsector mar-industria

O **cadro 3.1.23.** reflicte a contía dos programas dedicados á pesca que están recollidos nos Presupostos Xerais da Xunta. As primeiras medidas son as referidas á “ordenación, reestructuración fomento e mellora da produción pesqueira de cultivos mariños”, con 4.248,8 millóns de pesetas (un 16,8% menos que en 1999), indicando así que un dos principais obxectivos do exercicio 2000 foi a ordenación das zonas de produción de cultivos mariños e a consolidación do sector, mellorando a súa competitividade con actuacións de interese colectivo; e as referidas á “construción e renovación da flota pesqueira” con 4.257,9 millóns de pesetas (un 19,8% superior ó presupostado para 1999), dirixido á reestructuración, renovación e modernización da flota de cara á consecución, dunha rápida adaptación dos recursos dispoñibles ás necesidades futuras derivadas da xestión racional dos recursos pesqueiros.

Xunto a este programa salienta o concenrente á “transformación, conservación e comer-

cialización de produtos mariños” (3.846,5 millóns de pesetas, un 10,5% superior ó do ano precedente), que ten entre os seus obxectivos, potencia-la competitividade das empresas do sector mediante a concesión de subvencións de capital que auxiliien o financiamento de investimentos encamiñados ó aforro enerxético, á racionalización dos procesos productivos, á utilización de especies novas ou infrautilizadas, etc., así como ó establecemento de novos centros de traballo en zonas socioeconomicamente en declive que permitan a creación de emprego. Asemade, céntrase tamén no achegamento de novas tecnoloxías e na formación dos traballadores para a súa adaptación ós cambios producidos.

• Producción

A produción de pesca fresca en Galicia no ano 2000 descendeu un 6,5% respecto á produción do ano anterior, para situarse nas 146.134,8 toneladas. Tal e como amosa o **cadro C.3.13.** (*Producción de pesca fresca en primeira venda 1999-00*), este descenso prodúcese en tódolos grandes grupos de especies.

O valor da produción dos produtos considerados acadou un total de 57.971,4 millóns de pesetas, un 5,5% menos que o acadado no ano 1999 e, ó igual que acontece no caso da produc-

CADRO 3.1.24.

Producción pesqueira 1999-00: distribución segundo zonas e especies

	1999					
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	Total
	(en Tm)					
Costa Lucense	382,8	72,2	52,9	10,1	23.072,0	23.589,9
Coruña-Norte	177,8	72,4	28,0	-	2.226,9	2.505,1
Ría de Ferrol	-	55,6	583,3	9,9	-	648,9
Arco Ártabro	1.102,4	780,9	86,0	-	28.816,5	30.785,7
Costa Noroeste	542,3	106,8	182,6	101,4	6.810,7	7.743,8
Ría de Muros-Noia	389,1	22,6	1.250,3	107,6	6.518,1	8.287,6
Ría de Arousa	1.557,9	235,7	6.398,4	101,5	28.956,8	37.250,3
Ría de Pontevedra	1.774,6	253,2	173,1	10,7	17.534,0	19.745,6
Ría de Vigo	1.353,8	286,1	762,9	274,7	23.047,3	25.724,8
Total	7.280,7	1.885,6	9.517,3	615,8	136.982,3	156.281,7

	2000					
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	Total
	(en Tm)					
Costa Lucense	433,4	71,5	32,2	15,2	30.559,6	31.111,8
Coruña-Norte	121,3	107,5	23,8	-	2.095,5	2.348,1
Ría de Ferrol	-	44,0	1.143,4	21,6	-	1.209,1
Arco Ártabro	918,3	412,8	101,6	-	24.954,9	26.387,6
Costa Noroeste	424,0	113,5	161,9	77,4	7.625,5	8.402,3
Ría de Muros-Noia	503,0	25,8	1.250,5	10,3	5.081,5	6.871,2
Ría de Arousa	1.260,5	216,3	5.082,7	228,0	23.940,2	30.727,7
Ría de Pontevedra	1.750,9	218,2	67,8	15,5	14.001,3	16.053,6
Ría de Vigo	1.256,8	219,6	759,2	148,3	20.639,4	23.023,3
Total	6.668,1	1.429,3	8.623,2	516,3	128.897,9	146.134,8

Fonte: Xunta de Galicia: Servicio de Información Pesqueira

CADRO 3.1.25.

Valor da produción pesqueira 1999-00: distribución segundo zonas e especies

	1999					
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	Total
	(en miles de pesetas)					
Costa Lucense	178.251,6	161.947,2	42.959,7	1.897,5	11.371.865,9	11.756.921,9
Coruña-Norte	96.233,2	241.349,8	53.850,3	-	1.041.977,2	1.433.410,5
Ría de Ferrol	-	140.242,2	563.628,0	1.575,6	-	705.445,8
Arco Ártabro	318.386,2	1.365.021,1	111.222,9	-	10.091.960,0	11.886.590,2
Costa Noroeste	311.060,5	246.508,6	174.256,8	14.029,8	1.230.248,8	1.976.104,5
Ría de Muros-Noia	209.119,5	46.981,0	897.572,3	11.562,8	904.935,2	2.070.170,8
Ría de Arousa	800.083,8	669.124,9	4.969.924,4	11.131,6	4.165.685,8	10.615.950,5
Ría de Pontevedra	652.303,8	712.875,6	180.387,2	1.343,3	5.783.754,3	7.330.664,2
Ría de Vigo	458.832,1	632.093,6	873.157,7	32.215,0	11.558.392,3	13.554.690,7
Total	3.024.270,7	4.216.144,1	7.866.959,3	73.755,6	46.148.819,5	61.329.949,1

	2000					
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	Total
	(en miles de pesetas)					
Costa Lucense	190.737,1	160.731,6	41.226,0	3.848,8	14.202.605,2	14.599.148,6
Coruña-Norte	64.250,4	334.186,4	51.015,2	-	909.120,5	1.358.572,5
Ría de Ferrol	-	94.473,5	591.115,9	3.206,9	-	688.796,3
Arco Ártabro	267.614,5	958.960,4	139.474,4	-	9.063.390,0	10.429.439,3
Costa Noroeste	228.614,1	280.835,5	168.963,1	12.388,3	1.216.575,6	1.907.376,6
Ría de Muros-Noia	133.568,6	47.111,9	944.996,1	1.466,5	622.900,4	1.750.043,5
Ría de Arousa	577.033,9	608.341,1	4.531.329,4	40.144,4	3.360.854,1	9.117.702,9
Ría de Pontevedra	506.273,5	461.619,2	88.660,7	2.443,9	4.698.527,6	5.757.524,9
Ría de Vigo	388.661,1	536.714,4	856.750,2	18.584,5	10.562.121,6	12.362.831,8
Total	2.356.753,2	3.482.974,1	7.413.531,0	82.083,3	44.636.095,0	57.971.436,5

Fonte: Xunta de Galicia: Servicio de Información Pesqueira

CADRO 3.1.26.

Complexo mar-industria 1999: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de pesetas)					
Extracción pesqueira e actividades relacionadas	238	75.941,84	29.139,49	9.476,37	93.673,39	24
Acuicultura	37	11.815,13	2.940,65	1.156,18	20.124,21	16
Elab., manip., depós. e conservación de pescado	35	67.727,60	13.021,08	3.787,03	54.008,79	94
Conservas de pescado	48	134.979,62	17.943,62	3.191,37	94.962,36	98
Distribución de pescados e mariscos	335	236.365,91	14.755,83	4.682,92	109.222,77	9
Total	693	526.830,10	77.800,67	22.293,86	371.991,52	27
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	6,56%	8,90%	6,67%	6,41%	8,30%	

Fonte: Ardán

ción, o seu valor diminúe en tódolos grandes grupos.

En relación ás distintas zonas pesqueiras, o **cadro 3.1.24.** amosa que a costa lucense, despois do importante crecemento experimentado no ano 2000 (31,9%), é a que presenta o maior volume de pesca, con 31.111,8 toneladas. Séguelle en importancia a ría de Arousa, onde tralo descenso do 17,5% da súa produción, acadada as 30.727,7 toneladas.

Comparado co ano anterior, o devandito cadro reflicte que a produción aumenta en tras zonas pesqueiras: a xa mencionada costa lucense, na ría de Ferrol (86,3%) e na costa noroeste (8,5%).

No caso do valor da produción e a súa distribución por zonas pesqueiras, o **cadro 3.1.25.** reflicte que a costa lucense é a que acadada o maior valor de produción, con 14.599,1 millóns de pesetas, sendo a única área que rexistra un aumento do mesmo en relación ó ano anterior (24,2%). A ría de Vigo, onde o valor da produción descendeu un 8,8%, é a que lle segue en importancia, con 12.362,8 millóns de pesetas.

• Emprego

O número de persoas ocupadas no sector pesqueiro galego aumentou ó longo do ano 2000, pasando dos 33,8 miles de persoas de 1999 ós 36,0 do ano 2000. Neste ano, o peso relativo da ocupación do subsector pesqueiro no

total galego mantense en torno ó 3,6%. A provincia de Pontevedra acolle a 16,5 miles de persoas ocupadas neste subsector (45,8% da poboación galega dedicada á pesca) e A Coruña acolle un total de 15,9 miles de ocupados (44,2% dos ocupados na pesca).

O emprego neste subsector presenta unha concentración na poboación ocupada con idades comprendidas entre os 25 e 54 anos, xa que este grupo de idade acolle ó 84,2% da poboación ocupada na pesca (na economía galega, a poboación ocupada neste grupo de idade representa o 74,3%).

• Indicadores empresariais

Tal e como reflicte o **cadro 3.1.26.**, o subsector mar-industria está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 693 empresas que presentan un emprego medio de 27 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 526.830,1 millóns de pesetas (o 8,9% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 77.800,7 millóns de pesetas (o 6,7%).

O devandito cadro reflicte que o grupo de actividades relacionadas coa distribución de peixes e mariscos é o que engloba o maior número de empresas e o que presenta o maior volume de ingresos de explotación, con 236.365,9 millóns de pesetas (o 44,9% dos ingresos de explotación totais do subsector mar-industria). Comparado co resto das actividades englobadas neste sub-

CADRO 3.1.27.

Complexo mar-industria 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
Vigo	21.942,15	22.798,57	3,9
Ribeira	5.627,35	5.690,54	1,1
A Coruña	5.086,33	5.360,07	5,4
Cangas	4.341,53	4.275,96	-1,5
Redondela	5.120,54	4.264,27	-16,7
Pobra do Caramiñal	4.197,91	3.420,74	-18,5
Marín	3.377,49	3.412,24	1,0
Carballo	4.758,36	3.017,24	-36,6

Fonte: Ardán

CADRO 3.1.28.

Evolución da actividade no complexo mar-industria 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Ingresos de explotación	516.467,46	100,00	526.830,10	100,00	2,0
Consumo e outros gastos de explotación	438.643,22	84,93	449.029,43	85,23	2,4
Valor engadido bruto a custo dos factores	77.824,24	15,07	77.800,67	14,77	-0,0
Gastos de persoal	47.361,55	9,17	48.714,51	9,25	2,9
Resultado económico bruto da explotación	30.462,69	5,90	29.086,16	5,52	-4,5
Amortizacións	13.658,45	2,64	13.896,89	2,64	1,7
Resultado económico neto da explotación	16.804,24	3,25	15.189,28	2,88	-9,6
Resultado financeiro	- 5.454,92	-1,06	- 4.753,49	-0,90	12,9
Ingresos financeiros	4.436,78	0,86	3.736,50	0,71	-15,8
Gastos financeiros	9.891,70	1,92	8.489,99	1,61	-14,2
Resultado de actividades ordinarias	11.349,32	2,20	10.435,79	1,98	-8,0
Resultado de actividades extraordinarias	4.035,77	0,78	3.748,40	0,71	-7,1
Resultado antes de impostos	15.385,09	2,98	14.184,18	2,69	-7,8
Impostos	4.406,70	0,85	4.658,50	0,88	5,7
Resultado neto do exercicio	10.978,39	2,13	9.525,69	1,81	-13,2
Cash-flow	22.953,80	4,44	22.293,86	4,23	-2,9

Fonte: Ardán

CADRO 3.1.29.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo mar-industria 1998-99

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	%
Activo total	352.709,45	100,00	371.991,52	100,00	5,5
Activo fixo (neto)	137.617,17	39,02	154.761,92	41,60	12,5
Gastos amortizables	1.308,07	0,37	1.109,29	0,30	-15,2
Inmobiliado inmaterial	4.321,77	1,23	5.082,45	1,37	17,6
Inmobiliado material	91.742,51	26,01	98.091,04	26,37	6,9
Outro inmovilizado	40.075,28	11,36	50.447,85	13,56	25,9
Outro activo fixo	169,54	0,05	31,29	0,01	-81,5
Circulante neto	215.092,28	60,98	217.229,60	58,40	1,0
Existencias	63.769,75	18,08	58.236,61	15,66	-8,7
Debedores	122.570,47	34,75	127.427,98	34,26	4,0
Tesourería	15.714,86	4,46	17.914,77	4,82	14,0
Outro activo circulante	13.037,20	3,70	13.650,24	3,67	4,7
Fontes de financiamento	352.709,45	100,00	371.991,52	100,00	5,5
Financiamento permanente	185.971,36	52,73	200.516,95	53,90	7,8
Fondos propios	112.495,58	31,89	120.198,74	32,31	6,8
Recursos alleos l/p	53.062,38	15,04	56.756,62	15,26	7,0
Ingresos distribuídos en varios exercicios	20.413,40	5,79	23.561,59	6,33	15,4
Acreedores a curto prazo	166.738,09	47,27	171.474,57	46,10	2,8
Fondo de rotación	48.354,19	13,71	45.755,03	12,30	-5,4

Fonte: Ardán

sector, este é o grupo de actividades con menor emprego medio por empresa segundo os seus propios datos.

En termos do VEB xerado, o grupo de actividades máis importante corresponde ó de extracción pesqueira e actividades relacionadas. As 238 empresas pertencentes a esta industria xeran un total de 29.139,5 millóns de pesetas, que representan o 37,5% do total xerado polo subsector.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 3.1.27.**, é Vigo, cun total de 22.798,6 millóns de pesetas, un 3,9% máis que no ano anterior, seguido de Ribeira, cun valor engadido bruto xerado de 5.690,5 millóns de pesetas, un 1,1% máis que en 1998. Comparado co ano anterior, dos 8 municipios máis importantes en canto á xeración do VEB se refire, a metade presenta un descenso no seu valor engadido bruto xerado: Carballo, co 36,6%, Pobra do Caramiñal, co 18,5%, Redondela, co 16,7%, e Cangas, co 1,5%.

A conta de explotación agregada das 693 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 3.1.28.**, reflicte que no ano 1999 as empresas do subsector mar-industria consideradas no seu conxunto presentaron un descenso do seu resultado neto do exercicio do 13,2%, para situarse nos 9.525,7 millóns de pesetas. O resultado antes de impostos caeu un 7,8%, acadando os 14.184,2 millóns de pesetas.

O resultado de actividades ordinarias descendeu no ano 1999 un 8,0% respecto ó ano precedente, para acadalos 10.435,8 millóns de pesetas, o que significa o 2% dos ingresos de explotación, que medraron un 2% respecto ó ano precedente. Nese ano, o VEB a custo de factores mantense practicamente constante, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, descende dende o 15,1% de 1998 ata o 14,8% de 1999.

Xunto a esta caída do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordina-

rias, rexístrase unha importante baixa experimentada polos gastos financeiros, que descenden un 14,2% no ano 1999 respecto ó ano precedente (o seu peso relativo pasa do 1,9% ó 1,6% do ano 1999), e polos ingresos financeiros, que caen un 15,8% respecto ó ano 1998 (o peso relativo é do 0,7% fronte ó 0,9% do ano anterior).

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.1.29.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 21,1% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 45.755 millóns de pesetas, un 5,4% inferior ó existente o ano anterior. O 78,9% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernte ás fontes de financiamento, o 53,9% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 6,8% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,3% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 7%, cun peso relativo do 15,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 371.991,5 millóns de pesetas, un 5,5% superior ó valor de 1998, dos que 154.761,9 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,5% superior respecto ó ano anterior). Os 217.229,6 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 1% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.1.30.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 5,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 9,7 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 3.1.30.** amosa que a rendibilidade económica medrou en 1999 un

CADRO 3.1.30.

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	4,98	10,22	14,45	24,18	10,15	15,92	1,79	3,25	0,78	0,93	3,05	3,45
1998	7,43	11,50	13,82	23,97	9,98	16,24	1,67	3,25	0,90	1,08	2,95	3,17

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	5,58	6,67	2,56	3,50	1,84	1,88	12,19	18,11	2,16	2,24	1,47	2,45
1998	5,32	6,48	2,48	3,47	1,87	1,84	11,42	16,77	2,29	2,53	1,73	2,56

Fonte: Ardán

5,6% por mor da evolución da marxe, mentres que a rendibilidade financeira antes de impostos medra un 12,2% influenciada pola evolución da rendibilidade económica e a redución do custo da débeda.

Subsector silvicultura-madeira

A contribución do subsector silvicultura-madeira á produción final agraria de 1999 foi de 45.238,8 millóns de pesetas (un 23% superior á rexistrada no ano anterior), dos que o 84,4% correspondeu ó subsector madeiras. A produción total do subsector forestal foi de 49.530,9 millóns de pesetas, dos que 38.170,2 millóns de pesetas corresponden a madeiras e os restantes 11.360,7 millóns de pesetas, a outros produtos e aproveitamentos forestais.

Os **cadros 3.1.31. e 3.1.32.** reflicten a produción de madeira atendendo a súa distribución por especies. En Galicia, os datos de 1999 reflicten que esta acadou unha cifra de 5.914,2 miles de metros cúbicos con cortiza, dos que o 50,5% correspondeu ás coníferas e o restante 49,5%, a especies frondosas.

A provincia de A Coruña acolle o 36,5% da produción total de madeira de Galicia, seguida de Lugo, co 33,3%. No caso das especies coní-

feras, esta porcentaxe ascende ata o 37,2% e 34,3%, respectivamente.

Atendendo ó destino da produción de madeira en 1999, o **cadro 3.1.33.** reflicte que a meirande parte da produción corresponde a madeira para trituración, co 62,8%, seguida do destino de toros, co 32,7%. Este predominio prodúcese en tódalas provincias galegas agás en Ourense, onde a produción de toros representa o 64,1% e a de madeira para trituración, o 30,7%.

• Indicadores empresariais

O subsector silvicultura-madeira está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 671 empresas, **cadro 3.1.34.**, que presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresa, segundo os seus propios datos. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 292.379,3 millóns de pesetas (o 4,9% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 61.033,4 millóns de pesetas (o 5,2%).

O devandito cadro reflicte que os grupos de actividades directamente relacionados coa produción ou fabricación, 365 empresas en 1999, acollen o 64,1% dos ingresos de explotación e

CADRO 3.1.31.

Achega do subsector forestal á produción final agraria 1998-99

	1998	1999		
	Total	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á produción final agraria
		(en millóns de ptas.)		
Madeiras	30.606,9	38.170,2	-	38.170,2
Outros produtos e aproveitamentos forestais	6.185,0	11.360,7	4.292,1	7.068,6
Total	36.791,9	49.530,9	4.292,1	45.238,8

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.32.

Producción de madeira e leña 1999: distribución segundo especies

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
	(en m ³ con cortiza)				
Coníferas	1.110.818	1.024.371	305.851	547.977	2.989.017
Piñeiro silvestre	-	11.421	15.550	-	26.971
Piñeiro pinaster	941.263	688.216	232.545	446.269	2.308.293
Piñeiro radiata	169.555	324.708	57.695	101.708	653.666
Outros	-	26	61	-	87
Fronchosas	1.048.455	942.577	36.068	898.068	2.925.168
Bidueiro	2.571	13.146	3.642	3.211	22.570
Castiñeiro	-	7.307	2.145	795	10.247
Carballo	8.818	30.112	16.011	15.526	70.467
Eucalipto	1.029.875	886.861	7.685	876.379	2.800.800
Outras frondosas	7.191	5.151	6.585	2.157	21.084
Total madeira	2.159.273	1.966.948	341.919	1.446.045	5.914.185

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.33.

Destino da produción de madeira 1999

	Toros		Madeira para trituração		Redondos	Outros usos	Total
	Para serra e travesas	Para chapas	Para taboleiros	Para Pastas	Pexas de mina		
	(en m ³ sen cortiza)						
A Coruña	449.426	53.319	481.572	763.072	26.659	55.017	1.829.065
Lugo	452.014	55.931	379.454	675.635	23.970	41.473	1.628.477
Ourense	177.094	-	80.745	4.125	12.234	2.223	276.421
Pontevedra	390.342	43.838	140.343	592.724	21.919	39.515	1.228.681
Total	1.468.876	153.088	1.082.114	2.035.556	84.782	138.228	4.962.644

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.1.34.

Complexo silvicultura-madeira 1999: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
	(en millóns de pesetas)					
Explotación e aserrado de madeira	108	26.323,85	5.427,58	1.279,61	18.834,66	16
Fabr. de estrut. de madeira e pezas de carpint.	92	24.625,90	6.622,59	1.448,37	19.012,44	21
Fabr. de chapas, taboleiros, aglomerados e fibras	18	93.685,55	21.252,93	10.430,05	87.079,33	115
Fabricación doutros produtos de madeira	33	7.041,65	1.821,36	341,21	4.580,46	18
Fabricantes de papel, artigos de papel e cartón	18	9.958,66	2.324,44	850,04	8.042,98	24
Fabricantes de mobles	59	12.162,55	3.950,33	581,74	8.006,81	22
Fabricantes de mobles auxiliares	37	13.709,08	4.556,68	1.150,87	9.704,82	31
Distribución de madeiras e chapas	122	65.111,03	7.641,01	2.234,20	39.907,19	15
Distribución de mobles	174	38.340,00	6.890,67	1.525,13	25.231,83	11
Servicios forestais	10	1.421,04	545,75	101,77	948,77	23
Total	671	292.379,31	61.033,35	19.942,98	221.349,28	20
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	6,35%	4,94%	5,23%	5,73%	4,94%	

Fonte: Ardán

Complexo silvicultura-madeira 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
Santiago	11.913,74	12.774,48	7,2
San Cibrao das Viñas	3.296,53	3.620,40	9,8
A Coruña	3.233,92	3.465,83	7,2
Vigo	3.017,11	3.457,73	14,6
San Sadurniño	2.933,49	2.670,57	-9,0
Pontevedra	1.800,66	2.464,24	36,9
Carballo	1.710,93	1.714,65	0,2
Cambre	1.369,31	1.677,52	22,5

Fonte: Ardán

xeran o 75,3% do VEB a custo de factores deste subsector. Dentro destas actividades salientan as 18 empresas dedicadas á fabricación de chapas, tableiros, aglomerados e fibras, que presentan uns ingresos de explotación de 93.685,6 millóns de pesetas (o 32% dos ingresos totais deste subsector) e un VEB de 21.252,9 millóns de pesetas (o 34,8% do VEB total), sendo o seu emprego medio de 115 traballadores por empresa.

En termos do número de empresas, son as actividades de distribución de mobles e as de distribución de madeiras e chapas as máis importantes, con 174 e 122 empresas, respectivamente. Estas 296 empresas, en conxunto, xeran un valor engadido bruto a custo de factores de 14.531,7 millóns de pesetas, o 23,8% do VEB total xerado neste subsector.

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 3.1.35.**, é Santiago, cun total de 12.774,5 millóns de pesetas, un 7,2% máis que no ano anterior, seguido de San Cibrao das Viñas, cun valor engadido bruto xerado de 3.620,4 millóns de pesetas, un 9,8% máis que en 1998.

A conta de explotación agregada das 671 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 3.1.36.**, reflicte que no ano 1999 as empresas do subsector silvicultura-madeira consideradas no seu conxunto presentaron un descenso do seu resultado neto do exercicio do 3,7% para situarse nos 10.611 millóns de pesetas. O resultado antes de impostos caeu un 2,4%, acadando os 15.887,6 millóns de pesetas.

O resultado de actividades ordinarias medrou no ano 1999 un 2,6% respecto ó ano precedente, para acadalos 15.109 millóns de pesetas, o que significa o 5,2% dos ingresos de explotación, que medraron un 13,3% respecto ó ano precedente. Pola contra, prodúcese un descenso importante do resultado de actividades extraordinarias, -49,9%, para situarse nos 778,6 millóns de pesetas. Nese ano, o VEB a custo de factores aumenta un 11,2%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, descende dende o 21,3% de 1998 ata o 20,9% de 1999.

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, salienta o descenso experimentado polo resultado financeiro, que descende un 2,5% respecto a 1998. Os gastos financeiros descenden un 3,2% no ano 1999 respecto ó ano precedente (o seu peso relativo pasa do 2% ó 1,7% do ano 1999), en tanto que os ingresos financeiros caen un 10,6% respecto ó ano 1998 (o peso relativo é do 0,7% fronte ó 0,9% do ano anterior).

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.1.37.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 14,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 17.976,4 millóns de pesetas, un 2,2% superior ó existente o ano anterior. O 85,2% restante está financiado polos acredores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 53,4% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 16,1% respecto ó ano anterior, supo-

CADRO 3.1.36.

Evolución da actividade no complexo silvicultura-madeira 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	
Ingresos de explotación	258.087,16	100,00	292.379,31	100,00	13,3
Consumo e outros gastos de explotación	203.201,18	78,73	231.345,96	79,13	13,9
Valor engadido bruto a custo dos factores	54.885,98	21,27	61.033,35	20,87	11,2
Gastos de persoal	29.152,72	11,30	33.070,56	11,31	13,4
Resultado económico bruto da explotación	25.733,26	9,97	27.962,79	9,56	8,7
Amortizacións	8.136,12	3,15	9.909,23	3,39	21,8
Resultado económico neto da explotación	17.597,13	6,82	18.053,56	6,17	2,6
Resultado financeiro	- 2.871,79	-1,11	- 2.944,54	-1,01	-2,5
Ingresos financeiros	2.209,42	0,86	1.975,76	0,68	-10,6
Gastos financeiros	5.081,21	1,97	4.920,29	1,68	-3,2
Resultado de actividades ordinarias	14.725,35	5,71	15.109,02	5,17	2,6
Resultado de actividades extraordinarias	1.554,24	0,60	778,61	0,27	-49,9
Resultado antes de impostos	16.279,59	6,31	15.887,64	5,43	-2,4
Impostos	5.264,51	2,04	5.276,61	1,80	0,2
Resultado neto do exercicio	11.015,08	4,27	10.611,02	3,63	-3,7
Cash-flow	18.605,17	7,21	19.942,98	6,82	7,2

Fonte: Ardán

CADRO 3.1.37.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo silvicultura-madeira 1998-99

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	
Activo total	193.979,73	100,00	221.349,28	100,00	14,1
Activo fixo (neto)	81.849,48	42,19	100.151,91	45,25	22,4
Gastos amortizables	816,49	0,42	833,87	0,38	2,1
Inmovilizado inmaterial	3.756,00	1,94	5.067,61	2,29	34,9
Inmovilizado material	55.106,47	28,41	63.832,05	28,84	15,8
Outro inmovilizado	22.153,26	11,42	30.404,12	13,74	37,2
Outro activo fixo	17,26	0,01	14,26	0,01	-17,4
Circulante neto	112.130,25	57,81	121.197,37	54,75	8,1
Existencias	45.015,51	23,21	48.149,07	21,75	7,0
Debedores	55.109,47	28,41	61.628,88	27,84	11,8
Tesourería	7.335,55	3,78	7.864,35	3,55	7,2
Outro activo circulante	4.669,72	2,41	3.555,07	1,61	-23,9
Fontes de financiamento	193.979,73	100,00	221.349,28	100,00	14,1
Financiamento permanente	99.437,22	51,26	118.128,34	53,37	18,8
Fondos propios	73.789,09	38,04	85.690,98	38,71	16,1
Recursos alleos l/p	23.181,29	11,95	29.357,20	13,26	26,6
Ingresos distribuídos en varios exercicios	2.466,84	1,27	3.080,16	1,39	24,9
Acreedores a curto prazo	94.542,51	48,74	103.220,94	46,63	9,2
Fondo de rotación	17.587,74	9,07	17.976,43	8,12	2,2

Fonte: Ardán

ñen o 38,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 26,6%, cun peso relativo do 13,3% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 221.349,3 millóns de pesetas, un 14,1% superior ó valor de 1998, dos que 100.151,9 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo

neto (un 22,4% superior respecto ó ano anterior). Os 121.197,4 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 8,1% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.1.38.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un descenso respecto ós ingresos do VEB, un cre-

CADRO 3.1.38.

Complexo silvicultura-madeira 1998-99: estudio económico-financiero

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	8,84	10,22	21,56	24,18	15,44	15,92	3,08	3,25	1,23	0,93	3,60	3,45
1998	14,02	11,50	21,79	23,97	15,07	16,24	3,41	3,25	1,41	1,08	3,56	3,17

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	%											
1999	6,37	6,67	3,41	3,50	1,78	1,88	15,22	18,11	2,76	2,24	2,52	2,45
1998	6,86	6,48	3,68	3,47	1,77	1,84	15,47	16,77	3,11	2,53	2,70	2,56

Fonte: Ardán

cemento do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 1,4 puntos inferior (no ano 1998, este subsector presentaba unha rendibilidade económica 2,5 puntos porcentuais superior á media galega), que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 2,6 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 3.1.38.** amosa que a rendibilidade económica presenta en 1999 un crecemento inferior ó de 1998, por mor da evolución da marxe de beneficios. A rendibilidade financeira antes de impostos, influenciada pola evolución da rendibilidade económica e polo custo da débeda, acada o 15,2% en 1999, fronte ó 15,47% do ano anterior. ■